

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2019 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da conciliación e a corresponsabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento SI440A).

A Declaración das Nacións Unidas de Beijing e a Plataforma de acción de 1995 para potenciar o papel da muller xa alentaban os homes a participaren no fomento da igualdade de xénero, todo o cal se reiterou no debate sobre o tema do papel dos homes e dos nenos co obxectivo de acadar a igualdade de xénero, mantido na Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller en 2004.

A folia de ruta da igualdade entre homes e mulleres (2006/2010) da Comisión Europea declaraba que os homes aínda estaban a participar menos que as mulleres nas responsabilidades domésticas e familiares; pola súa banda, o Consello da Unión Europea, no documento «Os homes e a igualdade de xénero», observa que para mellorar a situación das mulleres e fomentar a igualdade de xénero debe prestarse maior atención á maneira en que os homes se involucran na consecución da igualdade de xénero e o impacto positivo que esta ten sobre os homes e as mulleres, e sobre o benestar da sociedade no seu conxunto. Así mesmo, recoñece a importancia de establecer políticas de reconciliación da vida profesional e privada tanto para homes como para mulleres co fin de apoiar que se compartan dunha forma equilibrada as responsabilidades e as tarefas domésticas e de coidado de persoas a cargo, e insta os Estados membros a daren pasos concretos para promover que os homes compartan coas mulleres as responsabilidades parentais e outras responsabilidades de coidado.

Malia os logros acadados durante estes anos, cómpre pór de manifesto que os indicadores de igualdade en relación co traballo doméstico e de coidados, así como cos usos do tempo, seguen mostrando unha realidade de relacións persoais e sociais asimétricas entre mulleres e homes, como o reflicten os datos socioeconómicos nos ámbitos europeo, estatal e de Galicia. Isto mostra que aínda persisten roles e estereotipos sociais que inciden no imaxinario colectivo respecto da suposta maior capacidade das mulleres para atender as responsabilidades de carácter familiar, o que continúa dificultando o seu acceso e



permanencia no mercado laboral debido, entre outras cuestións, a que son as que seguen acolléndose maioritariamente ás diferentes medidas postas en marcha desde as diferentes administracións públicas para promover políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Por iso, no marco das políticas da Unión Europea, nas súas diferentes normas e documentos de programación e planificación, en particular a Estratexia europea 2020, o Pacto europeo pola igualdade de xénero 2011-2020, así como nos propios regulamentos dos fondos estruturais europeos 2014-2020, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes segue a ser un valor fundamental, con referencia explícita á necesidade de avanzar e promover a mellora da conciliación da vida laboral e privada para mulleres e homes ao longo de toda a súa vida.

O desequilibrio na repartición dos tempos dedicados ás tarefas de reprodución e coidado produce efectos negativos na empregabilidade e promoción profesional das mulleres. Por iso, «mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica» segue a ser un obxectivo estratéxico na nosa comunidade autónoma.

A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece, tanto nas leis de igualdade, hoxe recollidas no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, como na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais en Galicia, recoñece a necesidade de facer efectivo o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual en todos os ámbitos e, en particular, entre outras, nas áreas laboral e familiar.

Así mesmo, tamén esta convocatoria se inscribe no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no cal a promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio horizontal que se incorpora de forma transversal para abordar e reducir as fendas de xénero a través de accións específicas nos diferentes eixes e ámbitos de actuación; pola súa vez, tamén



prevé actuacións máis directamente relacionadas coa igualdade de xénero; no eixe prioritario 2 (Benestar das persoas e as familias e cohesión social) hai dúas prioridades de actuación que recollen os obxectivos estratéxicos de mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero, impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres, así como reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada en calquera das súas modalidades e consecuencias.

Nesta mesma liña, os sucesivos documentos autonómicos de planificación estratéxica para a igualdade entre mulleres e homes conteñen como unha das áreas prioritarias de actuación a conciliación corresponsable e a calidade de vida, co obxectivo de reforzar unha asunción equilibrada entre mulleres e homes dos tempos dedicados ás tarefas domésticas e familiares e dos tempos dedicados aos traballos remunerados e á formación, de forma que se reduza a fenda de xénero e se avance nun modelo de organización social que facilite unha boa calidade de vida para todas as persoas. En concreto, no VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recóllese como 2ª área estratéxica a «igualdade na xestión dos tempos e dos traballos», e no seu obxectivo específico 2.4 figura como medida concreta o «fomento do uso de permisos e medidas de conciliación que fomenten a corresponsabilidade por parte dos homes».

Esta prioridade e compromiso do Goberno galego tamén se reflicte de forma exhaustiva e singularizada nos instrumentos de planificación, nomeadamente no Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, aprobado polo Consello da Xunta na súa sesión do día 5 de abril de 2018.

O Plan galego de conciliación e corresponsabilidade ten por finalidade a posta en marcha, a consolidación e a visibilización de actuacións de distinta índole que inciden na conciliación, desde a base da corresponsabilidade familiar, poñendo o foco nunha repartición equitativa das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, en liña coas últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e a vida profesional a través da mobilización de instrumentos financeiros e instando á reorientación dos recursos existentes do orzamento da Unión Europea cara a investimentos prioritarios que contribúan á súa consecución.

O plan é o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico en aplicación do espírito de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan.



O plan estrutúrase en cinco áreas estratéxicas de actuación en que traballar para avanzar na conciliación corresponsable. As bases reguladoras que aquí se presentan enmárcanse na área estratéxica 5 (fortalecer os recursos de apoio), no obxectivo estratéxico 5.2 (consolidar e ampliar as medidas económicas para favorecer a harmonización dos tempos dedicados á esfera persoal, familiar e laboral) e constitúe a medida de código 5.2.1 (promoción da conciliación e fomento da corresponsabilidade para incidir na decisión dos homes de acollerse á redución da súa xornada de traballo para o coidado de menores ao seu cargo).

De conformidade co previsto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, corresponden á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Neste ámbito de actuación, a Secretaría Xeral da Igualdade vén desenvolvendo programas, actuacións e medidas dirixidos a acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, entre eles «os incentivos á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo», coa dobre vontade de apoiar a asunción de responsabilidades familiares por parte dos homes e de axudar á desaparición dos estereotipos sobre a mellor ou menor disposición de mulleres e homes para asumiren as tarefas do coidado dos e das menores, mediante o apoio económico a aqueles traballadores que se acollan a esta medida de conciliación e, pola súa vez, facilitar o mantemento das traballadoras que teñen responsabilidades familiares no mercado de traballo. As familias monoparentais, pola súa situación, precisan dun apoio específico para favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Por iso, tamén son incluídas como beneficiarias neste programa.

A principal finalidade desta convocatoria radica en levar a cabo a promoción dunha repartición equilibrada das tarefas no eido doméstico, reprodutivo, do coidado de fillos e/ou fillas menores de 3 anos. Ata agora, na gran maioría dos casos quen se ocupa destas tarefas seguen a ser as mulleres (nais) e sobre elas recae na súa maioría a responsabilidade



de conciliar. Ademais, tamén se pretende ter en conta os novos modelos de familia, como as familias monoparentais e as familias integradas por persoas do mesmo sexo. Por isto, as principais persoas destinatarias destas axudas son os homes (pais) que, ben como titulares de unidades familiares monoparentais ou ben formando parte dunha parella, traballen e se acollan á redución da súa xornada laboral para coidar a súa filla e/ou fillo menor de tres anos. Tamén as mulleres (nais) poderán ser beneficiarias destas axudas, nos casos en que sexan as titulares de unidades familiares monoparentais ou nos casos de parellas formadas por dúas mulleres.

Esta convocatoria está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 %, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 8 (promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral); prioridade de investimento 8.4 (a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo); obxectivo específico 8.4.2 ((re) integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral).

Neste sentido, é de aplicación e dáse debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao Fondo Social Europeo, e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello, ambos modificados polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046; así como o previsto na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020 (BOE núm. 307, do 21 de decembro).

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no texto refundido da Lei de réxime



financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro); e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, en uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para as persoas traballadoras e as familias monoparentais que, entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, ambos incluídos, teñan unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta resolución.

2. A denominación e o código do procedemento correspondente a estas axudas é o seguinte: SI440A-Axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

Artigo 2. Procedemento de concesión

1. O procedemento para a concesión das axudas recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As axudas concederanse por orde de puntuación segundo os criterios e pautas de valoración previstos no artigo 15 desta resolución; ata esgotar o crédito dispoñible.

3. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.



Artigo 3. Financiamento

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destinarase un crédito por un importe total de setecentos corenta e un mil trinta e seis euros con cincuenta e catro céntimos (741.036,54 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.312G.480.0, código de proxecto 2016 00018, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

2. Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, no obxectivo temático 8 (promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral); prioridade de investimento 8.4 (a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo); obxectivo específico 8.4.2 ((re) integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral). E liña de actuación 125 (programa de fomento da conciliación e da corresponsabilidade en Galicia).

3. O importe máximo inicial do crédito destinado ás axudas obxecto desta convocatoria, logo de informe favorable da modificación orzamentaria por parte do organismo Intermedio do PO FSE Galicia 2014-2020 (actualmente, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos), poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 4. Compatibilidade das axudas

As axudas previstas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra subvención pública co mesmo obxecto e finalidade.

Artigo 5. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas, homes e mulleres, que no período comprendido entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de



xuño de 2019, ambos incluídos, se acollan á medida de redución de xornada para o coitado dun fillo ou filla menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %, e que reúnan os seguintes requisitos:

a) No caso de unidades familiares non monoparentais, poderán ser beneficiarios os homes que se acollan á redución de xornada segundo o establecido no artigo 6 desta resolución e sexan traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.

b) No caso de unidades familiares monoparentais, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada segundo o establecido no artigo 6 desta resolución e sexa traballadora por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.

Para os efectos destas axudas, entenderase por familia monoparental, segundo o artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa cal manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo.

2. Para obter a condición de beneficiarias, as persoas solicitantes deberán cumprir todos os requisitos, condicións e obrigas establecidos nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións, en particular os seguintes:

a) Estar empadroadas en calquera concello da Comunidade Autónoma galega, como mínimo, desde o 1 de xaneiro de 2018 e manter esta condición durante todo o período subvencionable.

b) Convivir coa filla ou o fillo durante o período subvencionable. Nos casos en que exista un acordo de custodia compartida, computarase o tempo de convivencia e o cálculo do período obxecto da subvención en proporción, segundo os termos do citado acordo.

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



c) No caso de familias non monoparentais, o cónxuxe ou parella deberá ser unha persoa traballadora por conta allea ou ben autónoma e manter esa situación durante todo o período subvencionable. Entenderase cumprido este requisito cando, existindo períodos non traballados, a suma destes non supere o 5 % do período subvencionado, sexa este continuado ou fraccionado.

d) Os ingresos da unidade familiar non poderán ser superiores a 7 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2018.

e) Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da persoa interesada.

3. En ningún caso poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas proxenitoras privadas da patria potestade das súas fillas ou fillos, ou se a súa tutela ou garda foi asumida por unha institución pública.

Artigo 6. *Accións subvencionables*

1. A redución da xornada de traballo para o coidado dunha filla ou dun fillo menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %.

Así mesmo, poderán acollerse a esta axuda as persoas traballadoras que, cumprindo os requisitos establecidos neste artigo, adopten unha persoa menor ou a teñan en situación de acollemento familiar, nas modalidades de acollemento familiar permanente ou acollemento familiar preadoptivo. Nestes supostos, para ter dereito á axuda non poderán ter transcorrido tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción. En calquera caso, a filla ou fillo por quen se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

2. O período máximo subvencionable, continuado ou fraccionado, será de oito (8) meses comprendidos entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, ambos incluídos. Para ter dereito á axuda deberá manterse a situación de redución de xornada durante un mínimo de 60 días naturais ininterrompidos. Para determinar o período subvencionable, terase en conta o seguinte:

a) Serán acumulables todos os períodos traballados con redución de xornada nos cales se cumpran os requisitos entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, ambos



incluídos, co límite máximo de oito (8) meses, sempre que un dos períodos en redución de xornada sexa dun mínimo de 60 días naturais ininterrompidos, aínda que o resto dos períodos acumulables sexan inferiores a 60 días. No caso de familias non monoparentais, para o cómputo do período total subvencionable terase en conta o disposto na letra c) do artigo 5.2 desta resolución.

b) O período para o cal se solicita a subvención non pode coincidir co permiso por maternidade nin con calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade da persoa solicitante ou do seu cónxuxe ou parella. De se producir este suposto, o período coincidente non se terá en conta no cómputo do período subvencionable. Excepcionalmente, no caso de que a parella desfrute o permiso de maternidade a media xornada, para o cálculo do período subvencionable so se considerará como período coincidente a metade do período do permiso por maternidade.

Non obstante, si se computará o período coincidente cando se trate do permiso de maternidade do cónxuxe ou parella que estea orixinado polo nacemento ou acollida doutro fillo/a no transcurso do período subvencionable.

Artigo 7. *Contía das axudas*

1. A contía desta axuda determinarase en función da porcentaxe de redución da xornada laboral e da súa duración, en atención ao número de fillas e fillos a cargo da persoa solicitante, de acordo cos seguintes tramos:

a) Cando a redución de xornada sexa de entre o 12,5 % e ata o 25 % dunha xornada laboral a tempo completo ou período equivalente no caso de xornada a tempo parcial e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):

1º. Cun fillo ou filla a cargo: 1.700 euros.

2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 2.000 euros.

3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 2.300 euros.

b) Cando a redución de xornada sexa superior ao 25 % e ata o 37,50 % dunha xornada laboral a tempo completo ou período equivalente no caso de xornada a tempo parcial, e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):

1º. Cun fillo ou filla a cargo: 2.800 euros.



2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 3.100 euros.

3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 3.400 euros.

c) Cando a redución de xornada sexa superior ao 37,50 % e ata o 50 % ou máis dunha xornada laboral a tempo completo ou período equivalente no caso de xornada a tempo parcial, e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):

1º. Cun fillo ou filla a cargo: 3.100 euros.

2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 3.400 euros.

3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 3.700 euros.

2. Para o cómputo do número de fillos e fillas, teranse en conta unicamente os fillos e fillas menores de 12 anos, incluídos aqueles polos que se solicita a redución de xornada.

3. A contía da axuda reducirase proporcionalmente cando o período subvencionable sexa inferior a 8 meses.

Artigo 8. *Método de custos simplificados*

Para a determinación do importe da axuda establécese un método de custos simplificados, utilizando o método de baremo estándar de custo unitario, neste caso baseado no dato do custo salarial total por cada persoa traballadora, como media dos catro trimestres do ano 2018, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), (Custo laboral segundo compoñentes do custo por unidade de medida. Base 2008), cun importe de 1.703,1 €/mes, e ao abeiro do artigo 67.1.b) do Regulamento CE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 9. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.



2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

A obriga de presentación por medios electrónicos xustifícase con base no colectivo de persoas físicas a que se destinan as axudas obxecto desta resolución (persoas traballadoras en situación laboral de ocupación cuxas parellas ou cónxuxes, se for o caso, tamén estean en situación de ocupación no mercado laboral). Por isto, preténdese acreditar a súa capacidade económica e de acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios e, así mesmo, a capacidade técnica con base na franxa de idade das persoas beneficiarias, a maioría no tramo dos 25 aos 40 anos de idade, con coñecementos e hábitos no eido das novas tecnoloxías da información. Ademais, o feito de ter presentación electrónica constitúe máis ben unha vantaxe para conciliar e diminuír o tempo de presentación, xa que permite facelo en calquera momento do día e de calquera día da semana.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 10. *Documentación*

1. As persoas interesadas deberán presentar a solicitude (anexo I) xunto coa seguinte documentación:

a) Anexo II. Para unidades familiares monoparentais exclusivamente. Declaración responsable de non convivencia co/coa proxenitor/a e con outra parella ou relación análoga.

b) Anexo III: Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (cónxuxe ou parella).

c) Certificado de empadramento das persoas que viven no domicilio, agás que a non convivencia resulte acreditada noutros documentos achegados xunto coa solicitude e só para o caso de familias monoparentais que non dispoñan de certificado de monoparentalidade



d) Documento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (IDC, facilitado pola empresa) no cal se acredite a situación de redución de xornada por coidado de fillo/a menor durante o período polo cal se solicita a axuda. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju etc.), certificación en que se acredite a referida situación en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica.

No suposto de que durante o período de redución de xornada polo cal se solicita a axuda se produza un aumento ou diminución da porcentaxe inicial de redución da xornada de traballo, deberase presentar un documento acreditativo por cada período diferente no cal se reflectirá cada variación como un período independente. Igualmente, se a redución de xornada non se desfruta de modo ininterrompido, deberán reflectirse separadamente cada un dos períodos nos cales se estivo nesta situación.

e) Para o caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju etc.), certificación acreditativa equivalente á vida laboral relativa á persoa cónxuxe ou parella, en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica.

A documentación a que se refiren os devanditos puntos 1.d) e e) deste artigo requirirase novamente coa documentación xustificativa que acompaña o anexo III, de solicitude de pagamento, sempre que o período subvencionable sexa superior ao período xustificado no momento de presentar a solicitude de axuda ou da emenda, se for o caso.

f) De ser o caso, certificación ou resolución do recoñecemento do dereito do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) relativa ao desfrute do permiso de maternidade en datas comprendidas entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, ambos incluídos, da persoa solicitante ou da persoa cónxuxe ou parella, relativo ao fillo ou filla por quen se solicita a axuda, ou certificación acreditativa equivalente no caso doutro sistema de previsión social (Muface, Isfas, Mugeju etc.).

g) Libro de familia completo ou inscrición no rexistro.

h) Convenio regulador ratificado polo xulgado da nulidade, separación ou divorcio, se é o caso.

i) Nos supostos de adopción, resolución xudicial pola cal se constituía a adopción.

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



j) Resolución administrativa ou xudicial de acollemento familiar dos fillos e fillas menores de 12 anos na dita situación, de ser o caso, cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.

k) Resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % dos fillos ou fillas menores de doce anos, cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderase consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIF da persoa solicitante e do seu cónxuxe ou parella. No caso de que se denegue a consulta dos datos no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas, deberá achegar o dito documento.

b) Certificado de empadramento da persoa solicitante no cal se acredite que leva empadrado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como mínimo desde o 1 de xaneiro de 2018.

c) Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, no caso de unidades familiares monoparentais.

d) Ingresos percibidos no exercicio 2017 (IRPF 2017 do solicitante e do seu cónxuxe ou parella). Para o caso de que se denegue a súa consulta, deberase achegar ben a declaración do IRPF do exercicio 2017 ou ben unha certificación dos ingresos percibidos ou, de ser o caso, de estar exenta da presentación do IRPF emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

e) Certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa á persoa cónxuxe ou parella do período comprendido entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

f) Resolución administrativa de acollemento familiar respecto dos fillos ou fillas menores de doce anos na dita situación cando fose expedida pola Xunta de Galicia.

g) Resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % dos fillos ou fillas menores de doce anos, de ser o caso, cando fose expedida pola Xunta de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exigida, a unidade administrativa encargada de tramitar o expediente requirirá a persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Así mesmo, tamén se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade para efectos informativos.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 13. *Instrución dos procedementos*

1. A instrución dos procedementos previstos nesta resolución corresponde á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á comisión de valoración regulada no seguinte artigo.

2. A comisión de valoración poderá requirir ás persoas solicitantes información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.



3. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios e as pautas de baremación establecidos no artigo 15 e tendo en conta o crédito dispoñible, a comisión de valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instructor formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, e propondrá a concesión da subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

4. No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta de concesión anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en lista de agarda para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre por producirse algunha renuncia ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a estas subvencións. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución complementarias seguindo a orde de puntuación obtida.

Artigo 14. *Comisión de valoración*

1. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración, que terá a seguinte composición:

– Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en quen delegue.

– Secretaría: a persoa titular do Servizo de Planificación e Programación.

– Vogalías: a persoa titular do Servizo de Fomento e a persoa titular do Servizo de Promoción e Cooperación Institucional.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a comisión de valoración, será substituída pola persoa funcionaria designada pola persoa que exerza a presidencia da comisión.

2. Na composición da comisión de valoración respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 15. *Criterios de valoración*

1. A comisión valorará as solicitudes consonte os seguintes criterios:

1.1. Polo nivel de ingresos da unidade familiar, ata 25 puntos segundo o seguinte:

a) Ata 1 vez o IPREM: 25 puntos.



b) Máis de 1 vez e ata 2,5 veces o IPREM: 20 puntos.

c) Máis de 2,5 e ata 4 veces o IPREM: 15 puntos.

d) Máis de 4 e ata 5,5 veces o IPREM: 10 puntos.

e) Máis de 5,5 e ata 7 veces o IPREM: 5 puntos.

1.2. Polo número de fillas e fillos menores de 12 anos no período subvencionable, ata 25 puntos segundo o seguinte:

a) 4 fillos/as ou máis menores de 12 anos: 25 puntos.

b) 3 fillos/as menores de 12 anos: 20 puntos.

c) 2 fillos/as menores de 12 anos: 15 puntos.

d) 1 fillo/a menor de 12 anos: 10 puntos.

Para estes efectos, para o caso de fillas ou fillos menores de 12 anos con discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33 %, computaranse aplicando un coeficiente multiplicador de 2.

2. No suposto de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e por razóns orzamentarias non sexa posible adxudicar a axuda a todas elas, para os efectos de resolver o desempate, terase en conta a puntuación obtida en cada criterio de valoración segundo a orde en que figuran relacionados no punto anterior, empezando polo primeiro, ata que se produza o desempate. No caso de persistir o empate, a preferencia determinarase pola data e a hora de presentación da solicitude.

Artigo 16. *Resolución*

1. De conformidade co previsto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por proposta do órgano instructor e logo da fiscalización por parte da Intervención delegada, a resolución destas axudas corresponde á secretaria xeral da Igualdade.



2. O prazo para resolver e notificar será de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

Dado que a subvención está cofinanciada polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, na resolución de concesión será informada a persoa ou entidade beneficiaria do cofinanciamento comunitario, con expresión do obxectivo temático, prioridade de investimento e obxectivo específico e a porcentaxe de cofinanciamento. Así mesmo, será informada de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a persoa beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación e comprometerse a executar a actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 17. *Notificación*

As notificacións de resolucións e actos administrativos distintas ás previstas neste artigo e no artigo 10 desta resolución practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e segundo o seguinte:

a) As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

CVE-DOG: 2f0saxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

b) Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

c) As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

d) Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



Artigo 19. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O órgano competente para conceder estas axudas, nos supostos en que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos en que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.

Artigo 21. *Solicitud de pagamento e prazo*

1. A axuda concedida será aboada nun pagamento único polo importe que corresponda segundo as contías determinadas no artigo 7 desta resolución, unha vez presentada a documentación sinalada no número 2 deste artigo, coa data límite para a súa presentación que figure na resolución de concesión, e que, en todo caso, non excederá o 10 de decembro de 2019. O pagamento farase por transferencia á conta que as persoas solicitantes fagan constar no modelo de solicitude (anexo I).

2. Dentro do prazo establecido no número 1 anterior, deberán presentar a seguinte documentación:

a) Anexo IV. Solicitude de pagamento da axuda concedida, na cal conste, entre outras, unha declaración complementaria e actualizada das axudas concedidas ou percibidas para



a mesma actuación, así como a de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

b) A documentación relacionada nas letras 1.d) e 1.e) do artigo 10 (IDC do solicitante, e a certificación acreditativa equivalente á vida laboral relativa á persoa cónxuxe ou parella, de ser o caso) e na letra 1.e) do artigo 11 desta resolución (certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa á persoa cónxuxe ou parella), que recolla os datos do/s mes/es, que non se puidesen achegar no momento da solicitude.

c) Folla de recollida de datos co obxecto, entre outros, de acreditar e dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e de resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) número 1304/2013, obriga recollida no artigo 22 desta convocatoria, referidos á persoa solicitante. Os datos relativos aos indicadores de produtividade e de resultados achegaranse, de forma obrigatoria e debidamente asinados, no modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, para a súa incorporación á aplicación informática Participa 1420.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez (10) días, e advírteselle que, de non o facer, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Para o caso de que non se xustifique a situación de redución de xornada na totalidade do período subvencionado, a subvención reducirase proporcionalmente.

Artigo 22. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación; en particular, as seguintes:

1. Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados previstos no artigo 5 do Regulamento (UE) número 1304/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Neste sentido, na súa cobertura deberase respectar o principio de integridade dos datos. Os indicadores de produtividade relativos á persoa solicitante deberanse referir á data inmediatamente anterior ao inicio do período de redución de xornada subvencionado, e nas catro semanas seguintes á súa finalización deberanse cubrir os indicadores de resultado inmediato, que se deberá facilitar no período de xustificación da correspondente subvención consonte os modelos de follas de seguimento dispoñibles na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Así mesmo, a Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice esta actividade, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no dito regulamento.

2. Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Igualdade, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, comprensivas de verificacións administrativas ou sobre o terreo, así como pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3. Manter unha pista de auditoría suficiente, conservando os documentos xustificativos que permitan a comprobación do ingreso da axuda percibida, incluíndo o xustificante bancario do ingreso, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O comezo dese prazo será oportunamente comunicado pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Artigo 23. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o parágrafo anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incorrer a persona beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

3. Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24. *Control*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade levará a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e a aquelas outras que determine a súa condición de subvencionada polo FSE, ao abeiro do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

Artigo 25. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta convocatoria observarse o disposto no Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) número 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello, ambos modificados polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se deroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020, en particular, a Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020 (BOE núm. 307, do 21 de decembro).

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 26. *Información ás persoas interesadas*

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas unidades administrativas de Igualdade das delegacións territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://igualdade.xunta.gal>, dos teléfonos 981 95 77 83, 981 54 73 97, 881 99 91 63 e 981 95 76 89, no enderezo electrónico promocion.igualdade@xunta.gal ou presencialmente.

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



Artigo 27. Información básica sobre protección de datos persoais

De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



Artigo 28. *Loita contra a fraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>) e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, de 3 de abril, do citado servizo.

Disposición derradeira primeira

A Secretaría Xeral da Igualdade poderá ditar as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DA XORNADA DE TRABALO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI440A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---

EXPEDIENTE
SI440A 2019/

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ☒ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

FAMILIA MONOPARENTAL ☐ SI ☐ NON

DATOS DO/DA CÓNJUGE OU PARELLA (no seu caso)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DAS/DOS FILLAS/OS MENORES DE 12 ANOS INCLUÍNDO, AS/OS MENORES DE 3 ANOS POLAS/OS CALES SE SOLICITA A AXUDA (na data de inicio do período subvencionable)					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO ⁽¹⁾	DATA DE NACEMENTO / ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO	DISCAPACIDADE (33 % ou máis)
					☐ SI ☐ NON
					☐ SI ☐ NON
					☐ SI ☐ NON
					☐ SI ☐ NON

(1) Indíquese o que proceda: (A) adopción; (AFRX) acollemento familiar resolución xudicial; (AFRAX) acollemento familiar resolución administrativa da Xunta de Galicia; (AFRADM) acollemento familiar resolución administrativa emitida por outra Administración.

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
formas previstas na súa norma reguladora



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I
(continuación)

PERÍODO/S CON REDUCCIÓN DE XORNADA ENTRE O 1 DE XULLO DE 2018 E O 30 DE XUÑO DE 2019 (continuada ou fraccionada)

1º. Desde		ata	
2º. Desde		ata	
3º. Desde		ata	
4º. Desde		ata	

Xornada ordinaria do seu traballo, ANTES da redución de xornada por coidado de filla/o

☐ Completa

☐ Parcial % sobre a xornada completa establecida en convenio

Sinalar a porcentaxe que reduce sobre a xornada que realiza:

Na data de presentación da solicitude segue en situación de redución de xornada ☐ SI ☐ NON

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que durante o período da presente solicitude convivín coa/co miña/meu filla/fillo pola/o cal solicito a subvención.

4. Que o período de redución de xornada para o cal se solicita a axuda non coincide co permiso por maternidade nin con ningún outro permiso, licenza ou excedencia para o mesmo fin do/da cónxuxe ou parella.

5. No caso de que a persoa solicitante ou o/a cónxuxe ou parella desfrutase do permiso por maternidade entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, sinalar o período: desde o día ata .

6. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

9. Que está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo.

10. Que coñece que as axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80%.

11. Que coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 22 da convocatoria.

12. Que coñece que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias, na cal figuran os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación, que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Anexo II. Para unidades familiares monoparentais exclusivamente. Declaración responsable de non convivencia co/coa proxenitor/a e con outra parella ou relación análoga.			
☐ Anexo III. Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (cónxuxe ou parella).			
☐ Certificado de empadramento das persoas que viven no domicilio, agás que a non convivencia resulte acreditada noutros documentos achegados xunto coa solicitude e só para o caso de familias monoparentais que non dispoñan de certificado de monoparentalidade.			
☐ Documento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (IDC facilitado pola empresa) en que se acredite a situación de redución de xornada por coidado de fillo/a menor durante o período polo cal se solicita a axuda. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da seguridade social (Muface, Isfas, Mugeju etc.) certificación, en que se acredite a referida situación en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica.			
☐ Para o caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Muxexu, etc.), certificación acreditativa equivalente á vida laboral relativa á persoa cónxuxe ou parella en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica.			
☐ Certificación ou resolución de recoñecemento do dereito do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou certificación acreditativa equivalente no caso doutro sistema de previsión social (Muface, Isfas, Mugeju etc.), relativa ao desfrute do permiso de maternidade nas datas comprendidas entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de xuño de 2019, ambos inclusive, da persoa solicitante ou do/da cónxuxe ou parella, relativo a filla ou fillo por quen se solicita a axuda, se é o caso.			
☐ Copia do libro de familia completo ou inscrición no rexistro.	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia do convenio regulador ratificado polo xulgado da nulidade, separación ou divorcio, se é o caso.			
☐ Copia da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, no seu caso.			
☐ Copia da resolución administrativa de acollemento familiar dos fillos e fillas menores de 12 anos na dita situación, cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.			
☐ Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % das/os fillas/os menores de 12 anos, cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIF da persoa solicitante.	☐
Certificado de empadramento da persoa solicitante no cal se acredite que leva empadroadada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como mínimo, desde o 1 de xaneiro de 2018.	☐
Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, no caso de familias monoparentais.	☐
Declaración do IRPF 2017 da persoa solicitante.	☐
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Resolución administrativa de acollemento familiar dos fillos e fillas menores de 12 anos na dita situación, cando fose expedida pola Xunta de Galicia.	☐
☐ Resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % das/os fillas/os menores de 12 anos, cando fose expedida pola Xunta de Galicia.	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I (continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 3 de maio de 2019 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da conciliación e a corresponsabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento SI440A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

 **Xacobeo 2021**

Secretaría Xeral da Igualdade

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: 2fosaxq8-tcm2-fsw6-zic2-jsnne421gvq5



**XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

(para cubrir só no caso de familias monoparentais con fillas/os recoñecidas/os pola outra persoa proxenitora coa que non conviven)

EXPEDIENTE

SI440A 2019/

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

1º. Que non conviviu coa/o outra/o proxenitora/or durante o período obxecto da presente solicitude ou con outra parella ou relación análoga.

2º. Que o/a seu/súa fillo/a

non conviviu coa/o outra/o proxenitora/or e estivo ao seu coidado no domicilio indicado durante o período obxecto da presente solicitude.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

 , de de 

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS (cónxuxe ou parella)
SI440 - AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO
DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO

EXPEDIENTE

SI440A 2019/

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas:		SINATURA
			OPÓÑOME Á CONSULTA	
		DNI ou NIF da persoa cónxuxe ou parella. Certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa á persoa cónxuxe ou parella. Declaración do IRPF de 2017 da persoa cónxuxe ou parella.	☐ ☐ ☐	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

Lugar e data

 , de de 

Xacobeo 2021

UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

EXPEDIENTE

SI440A 2019/

SI440A - AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS
TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Que acepta a axuda concedida por redución de xornada de traballo ao abeiro da convocatoria do ano 2019 e SOLICITA o seu pagamento:
Importe concedido segundo a resolución de concesión
- Que é coñecedora de que estas axudas están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Social Europeo FSE, programa operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE DE PAGAMENTO:

- ☐ IDC en que se acredite a situación de redución de xornada de traballo por coidado de filla/o menor emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa á persoa solicitante, que recolla os datos que non se puidesen acreditar no momento da solicitude. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju etc.) certificación, en que se acredite a referida situación en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica. No caso de que o período subvencionado sexa superior ao período xustificativo no momento de presentar a solicitude de axuda ou da emenda se for o caso.
- ☐ De pertencer a sistemas de previsión social distintos á Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju etc.), certificación que acredite a vida laboral da persoa cónxuxe ou parella, que recolla os datos que non se puidesen acreditar no momento da solicitude, en papel oficial do organismo que emite o certificado debidamente selado e coa identificación da persoa responsable que certifica. No caso de que o período subvencionado sexa superior ao período xustificativo no momento de presentar a solicitude de axuda ou da emenda se for o caso.
- ☐ Folla de recollida de datos de indicadores de seguimento do FSE 2014-2020.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

galicia



Xacobeo 2021

UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Secretaría Xeral da Igualdade

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>